



Concello de Gondomar

BASES PARA A ELABORACIÓN DE ALFOMBRAS FLORAIS NO CONCELLO DE GONDOMAR 2026

O Concello de Gondomar, no exercicio das súas competencias en materia de promoción cultural e conservación das tradicións locais, e atendendo á consolidada tradición das Alfombras Florais do Corpus Christi, con máis de 70 anos de historia, promove a continuidade e posta en valor desta manifestación cultural.

Esta celebración constitúe un elemento relevante do patrimonio inmaterial do municipio, tanto pola crecente implicación da veciñanza na súa elaboración como pola capacidade de atracción de visitantes, que cada ano acoden a Gondomar para contemplar as composicións artísticas realizadas polas distintas asociacións, froito dun intenso traballo previo de planificación e execución.

No marco deste compromiso institucional, convócanse axudas destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desexen participar na confección das Alfombras Florais do Corpus Christi 2026. As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas que rexerán o procedemento de organización, participación e desenvolvemento desta actividade, garantindo os principios de igualdade, concorrencia e obxectividade entre as entidades participantes, que deberán aceptar o seu contido na súa totalidade coa presentación da correspondente solicitude.

1. DATAS, HORARIOS , LOCALIZACIÓN E MEDIDAS

A confección das *Alfombras Florais* en Gondomar levarase a cabo a tarde-noite do sábado **6 ao domingo 7 de xuño** de 2026.

Ás 15:30 h procederase ao corte de tráfico rodado nas rúas que contén con elaboración de *Alfombras Florais*.

A partir das 18:30h pode dar comezo o pintado do deseño das Alfombras Florais.

O acceso de vehículos para a descarga de material estará permitido ata as 17:30 horas. Unha vez iniciados os traballos, queda prohibido o acceso de todo tipo de vehículos

A elaboración das tradicionais *Alfombras de Corpus* contará coas

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

seguintes localizacións e referencias aproximadas:

- 1) Rúa Manuel Losada A: esquina 4 Camiños - Cafetería Cristaleiro. 40m. de longo x 3m. de ancho. 120m²
- 2) Rúa Manuel Losada B: Cafetería Cristaleiro - Final paso peóns. 40m. de longo x 3m. de ancho. 120 m²
- 3) Rúa San Bieito : Centrada zona Administración Lotería. 40m. de longo x 3,5m. de ancho. 140 m²
- 4) Rúa San Bieito : Zona Xuntos. 34 m. de longo x 3,5m. de ancho. 119 m²

- 5) Rúa Eduardo Iglesias A : Paso peóns Xuntos - Ferretería 45 m. longo x 4 m. de ancho. 180 m²
- 6) Rúa Eduardo Iglesias B: Paso de peóns Copena - Farmacia. 40 m. longo x 3,80 m. de ancho. 152 m²
- 7) Rúa Ángel Urzáiz : Farmacia - Abanca - Óptica 45m. longo x 3,40 m. de ancho. 153 m²
- 8) Praza Paradela. 120 m²
- 9) Rúa Párroco Mariño A: Librería Plaza - Canellón. 30m. de longo x 4m. de ancho. 120 m²
- 10) Rúa Párroco Mariño B: Canellón - Calzados Parada. 30m. de longo x 4m. de ancho. 120m²
- 11) Rúa Párroco Mariño C: Aprehando - Bar Gondomar. 30m. de longo x 4m. de ancho. 120m²

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

A participación está aberta a todas as Asociacións Veciñais, Culturais, Xuvenís, Deportivas, Clubes, Entidades, etc. do Concello de Gondomar que se atopen perfectamente constituídas e que non aceden fin lucrativo coa actividade a realizar.

A participación implica a aceptación destas bases.

As alfombras deberán levar como mínimo un 70% de flor e ata un 30% de outros materiais que deben cumprir os seguinte requisitos:

- Os materiais no deberán poñer en risco o paso das persoas por encima da alfombra.
- Os materiais non deben ser esvaradíos.
- Só se poderán empregar material biodegradables.
- Deberase evitar o uso de pinturas que afecten ao estado e conservación do pavimento onde se realiza a alfombra.

A asignación do emprazamento realizarase por estrita orde de rexistro da solicitude.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Cada solicitude, irá acompañada do ANEXO I, debidamente cuberto e asinado. Indicando as 3 localizacións , por orde de preferencia (1ª, 2ª e 3ª opción) , onde queren realizar a alfombra.

No caso de que algún dos lugares designados para a elaboración das alfombras quede baleiro ou sen cubrir, a organización poderá modificar as medidas establecidas para redistribuír o espazo de maneira máis adecuada ou a localización.

No caso de que o número de solicitudes presentadas sexa superior ao número de espazos dispoñibles, o Concello de Gondomar poderá estudar a posibilidade de habilitar novas localizacións adicionais para a elaboración das Alfombras Florais, sempre que as condicións técnicas, de seguridade e organización así o permitan.

Calquera dúbida ao respecto será resolta no seguinte contacto:

Email: oficinadeturismo@concellodegondomar.gal ou no teléfono 678.874.985 de luns a venres de 8:00 a 14:30h.

3. DOCUMENTACIÓN

Poderán presentar a solicitude de inscrición todas aquelas Asociacións, Entidades, Clubes, etc. do Concello de Gondomar que reúnan os seguintes requisitos e aporten a seguinte documentación:

- ANEXO I de inscrición debidamente cuberto e asinado.
- DNI do representante legal da entidade
- CIF da Entidade
- Certificado actualizado de titularidade da conta bancaria.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As inscricións para participar na elaboración das *Alfombras Florais* do Concello de Gondomar 2026, farase mediante as oficinas de Rexistro Xeral (de luns a venres de 8:00 a 14:00h) ou mediante a Sede Electrónica (obrigatorio para as Asociacións ou Agrupacións rexistradas) **cubrindo o ANEXO I** de inscrición que se achega con estas bases.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

naturais, a contar dende o día seguinte á publicación destas bases na páxina web municipal finalizando ás 23:59 h do último día.

As localizacións asignadas a cada unha das solicitudes serán resoltas e comunicadas antes do 20 de maio ao correo electrónico indicado no Anexo I de solicitude.

As presentes bases unha vez aprobadas, serán publicadas na páxina web do Concello de Gondomar concellodegondomar.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica onde se poderá descargar a documentación necesaria para realizar a inscrición.

5. COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS

Co obxectivo de garantir a maior equidade entre todos os participantes e asegurar unha distribución xusta e equilibrada dos recursos municipais destinados a esta actividade, que ascenden a 10.248 €, o Concello de Gondomar establece un criterio uniforme para a asignación económica correspondente á elaboración das alfombras florais.

Dada a diversidade nos tamaños das alfombras presentadas, e co fin de recoñecer de forma proporcional o esforzo e os recursos investidos, estipúlase un valor económico de 7€ por metro cadrado. Este valor servirá como base para calcular a achega económica que recibirá cada participante, en función da superficie total da alfombra realizada.

6. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- O Concello de Gondomar facilitará todos os medios de seguridade necesarios (vallas, conos, cintas, cordas...) para delimitar as zonas de traballo.
- O Concello de Gondomar repartirá entre os participantes uns tickets para que na noite da elaboración das *Alfombras Florais* poidan tomar unha bebida quente. A consumición deberá facerse no lugar e nos horarios que indicará o Concello no momento do reparto dos tickets.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- O Concello de Gondomar instalará nas rúas onde se realicen as *Alfombras Florais* puntos de luz. Os participantes deberán traer prolongadores eléctricos para conectarse aos puntos de luz e iluminación auxiliar se o consideran necesario.
- O Concello de Gondomar notificará por escrito, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o espazo outorgado para a elaboración das *Alfombras Florais* a cada organización.
- Os participantes comprométese a notificar por escrito a non participación (de ser o caso) na elaboración das *Alfombras Florais* antes do 25 de maio.
- Os participantes deberán ter un comportamento axeitado e respectar o traballo dos demais compañeiros.
- **O espazo de elaboración das Alfombras Florais deberá quedar perfectamente limpo e recollido de residuos unha vez finalizado o traballo.**
- O Concello de Gondomar terá contedores nas zonas próximas á elaboración das Alfombras Florais (Párroco Mariño, Aparcamento de San Bieito e na Praza Paradela no lateral do Concello) e será de obrigado cumprimento deixar os residuos nos contedores correspondentes.
- Os participantes comprométese a acatar integramente o establecido nestas bases e quedarán suxeitos ás modificacións que a organización considere sen que isto conleve ningunha compensación económica aos mesmos.
- Os participantes comprométese a entregar toda a documentación requirida nestas bases.
- O Anexo I de solicitude, non poderá ser modificado unha vez presentado.
- As *Alfombras Florais* deberán estar rematadas, cumprindo as medidas estabrecidas, ás 09:00 h. do domingo día 7 de xuño.
- **A presentación da solicitude de participación será o que xustifique o pago da compensación económica aos participantes.**
- **Non será necesario presentar factura nin incluír a actividade nas subvencións anuais para recibir a compensación económica.**

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

